

MOCIÓN Nº2 DO GRUPO MUNICIPAL DE VIA ALFOZ SOBRE O ESTADO DE CONSERVACIÓN DA ESTRADA LU-160

Ao abeiro do disposto no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo R.D. 781/86 de 18 de abril e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/86 do 28 de Novembro, e da Lei 5/1997 do 22 de Xullo da Administración Local de Galicia, o Grupo Municipal de VIA Alfoz presenta a seguinte **MOCION** para a súa discusión no **PLENO**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As vías de comunicación representan un papel decisivo para o desenvolvemento económico do noso concello e a súa cohesión, integración e equilibrio territorial e, dentro destas, a estrada LU-160 xoga un papel vital xa que se trata da principal vía de acceso a Alfoz.

Na actualidade a estrada LU-160 presenta un deficiente estado de conservación, particularmente no seu acceso ao concello desde Mondoñedo, aproximadamente entre os puntos quilométricos 10,500 e 12,000, onde se necesitan de forma urxente obras de mellora do firme que eviten o perigo que supón transitar nas actuais condicións.

Desde o Grupo Municipal de VIA Alfoz consideramos que esta situación se debe poñer en coñecemento da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, coa intención de que se leven a cabo as obras necesarias de mellora e conservación da estrada LU-160.

É por iso, que o Grupo Municipal de VIA Alfoz propón ao Pleno que se tome o seguinte

ACORDO:

Solicitar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a realización das seguintes obras de mellora e conservación necesarias na estrada LU-160, particularmente entre os puntos quilométricos 10,500 e 12,000

En Alfoz, a 24 de maio de 2022

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Efigenia Maseda Paz', written in a cursive style.

Asdo. Efigenia Maseda Paz
Voceira do Grupo Municipal de VIA Alfoz

Alcalde - Presidente do Concello de Alfoz